

Índice de Confianza do Consumidor

METODOLOXÍA

Este índice busca converterse nun instrumento explicativo das expectativas económicas dos consumidores galegos. Permitiranos facer un seguimento ao longo do tempo das crenzas e comportamentos dos galegos no que á súa posición económica, compras, aforro, desemprego e prezos se refire.

1. Obxectivos

O Índice de Confianza do Consumidor busca obter un rápido coñecemento dos cambios na percepción do consumidor respecto ás súas expectativas de gasto e aforro así coma outros aspectos da súa situación económica persoal. As percepcións dos fogares, independentemente dos indicadores macroeconómicos, son unha ferramenta moi útil para a análise económica a curto prazo.

2. Ámbitos de investigación

Ámbito poboacional

A poboación obxecto de estudo é a do conxunto de fogares privados que residen habitualmente en vivendas familiares principais na comunidade autónoma de Galicia. Exclúense, polo tanto, os fogares colectivos como hospitais, hoteis, orfanatos, cuarteis, conventos, etc. Sen embargo, si se inclúen as familias que, formando un grupo independente, residen nestes establecementos, como pode ocorrer cos directores dos centros penitenciarios, conserxes ou porteiros.

En cada fogar enquérsase a unha persoa con poder de decisión nos gastos do fogar e que teña entre 18 e 65 anos, por ser estes os máis activos consumidores e representar un 65% da poboación total de Galicia.

Ámbito xeográfico

Cubre todo o territorio galego.

Ámbito temporal

Trátase dunha enquisa trimestral.

- Período de referencia dos resultados da enquisa:

É o trimestre natural. As entrevistas están repartidas equitativamente nos tres meses do trimestre e os resultados que se obteñen están referidos a ese mesmo trimestre.

- Período de referencia da información:

Pídese a opinión aos enquisados sobre distintas variables nos doce meses anteriores á data en que se realiza a enquisa, sobre o momento actual e as expectativas de evolución nos próximos doce meses.

3. Variables de estudo

O fogar é a unidade básica de análise.

Defínese fogar privado como a persoa ou conxunto de persoas que ocupan en común unha vivenda familiar principal ou parte dela, e consumen e/ou comparten alimentos ou outros bens con cargo ao mesmo presuposto.

Considérase vivenda familiar principal toda vivenda familiar que é utilizada como residencia habitual por un ou máis fogares.

O enquisado responde a preguntas sobre as seguintes variables:

- Posición económica do fogar
- Probabilidade de grandes compras e aforro
- Situación económica xeral de Galicia
- Desemprego
- Prezos

4. Deseño mostral

Tipo de mostraxe e estratificación

O tipo de mostraxe utilizado é mostraxe bietápica con estratificación nas unidades de primeira etapa, que están constituídas polos concellos. As unidades de segunda etapa son as vivendas familiares principais e os aloxamentos fixos.

Para estratificar os concellos en cada provincia atendeuse aos seguintes criterios:

- As comarcas correspondentes aos 7 grandes concellos (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago, Ferrol, Vigo).
- O resto dos concellos estratificanse segundo sexan costeiros ou interiores.

Quedando a clasificación dos estratos por provincias como segue:

A Coruña

Estrato 1: Comarca A Coruña

Estrato 2: Comarca Ferrol

Estrato 3: Comarca Santiago

Estrato 4: Concellos costeiros

Estrato 5: Concellos interiores

Lugo

Estrato 1: Comarca Lugo

Estrato 2: Concellos costeiros

Estrato 3: Concellos interiores

Ourense

Estrato 1: Comarca Ourense

Estrato 2: Resto de concellos

Pontevedra

Estrato 1: Comarca Pontevedra

Estrato 2: Comarca Vigo

Estrato 3: Concellos costeiros

Estrato 4: Concellos interiores

Tamaño mostral e selección da mostra

A mostra consta de 1.100 fogares coa seguinte repartición por provincias: 380 fogares na Coruña, 320 en Pontevedra, 200 en Lugo e 200 en Ourense. A afixación asignada a Lugo e Ourense é de compromiso, mentres que na Coruña e Pontevedra distribúense os restantes de forma proporcional á poboación entre 18 e 65 anos.

Unha vez afixada a mostra para cada provincia, dentro de cada estrato selecciónase o número de fogares por concello tamén de forma proporcional á poboación de 18 a 65, pero tratando de que o número de sen representación na mostra sexa mínimo. Unha vez obtido o tamaño mostral por concello, as vivendas son seleccionadas aleatoriamente.

A mostra vai rotando cada trimestre na cuarta parte de xeito que nun ano cambia totalmente, é dicir, cada fogar colabora catro trimestres e logo sae da mostra.

Distribución da mostra no tempo

Os fogares que compoñen a mostra de cada trimestre divídense en tres submostras de tamaño un terzo que se enquisan cada mes.

A repartición da submostra de cada mes mantén a proporcionalidade por provincia e estrato da mostra total. Cando o tamaño mostral é suficiente, tamén se mantén esa proporcionalidade por concello, mentres que cando o tamaño mostral trimestral do concello non permita esa división equitativa mensual, axústase xunto con outros concellos do mesmo estrato.

Recollida de información

A recollida de información realízase nos 5 días laborables seguintes ao día 10 de cada mes.

5. Construción dos índices

- Para cada unha das 11 preguntas *calcúlase unha media ponderada multiplicando a porcentaxe de respostas por un peso* (os que responden NS/NC non computan). Os pesos serán os seguintes:
 - Mellora significativa: +1
 - Leve mellora: +0,5
 - Neutral: 0
 - Pequeno empeoramento: -0,5
 - Empeoramento: -1
- Nas *preguntas relativas aos prezos*, o coeficiente cero é o da porcentaxe de respostas que supoñen unha pequena subida de prezos e o +0,5 se os prezos se manteñen igual.
- Nas que atinxen ao *desemprego* asignamos a ponderación +1 ao descenso significativo deste, o +0,5 ao lixeiro descenso, se permanece estable ponderamos con 0 e damos pesos negativos para as situacións de aumento do desemprego. Así, un resultado negativo neste saldo indica que os galegos cren que aumentará o desemprego e un resultado positivo que cren que descenderá o desemprego.

Calcúlase o **Indicador de Confianza do Consumidor** coma unha media aritmética dos resultados correspondentes a catro preguntas: situación económica futura do

fogar (dentro de un ano), situación económica futura da Comunidade Autónoma, capacidade futura de aforro do fogar e evolución futura do número de parados.

O **Indicador de Sentimento** é un indicador resume que se calcula coma unha media aritmética dos resultados correspondentes a cinco preguntas: as relativas á oportunidade de facer grandes compras, situación financeira do fogar (tanto evolución pasada como perspectivas de evolución) e situación económica xeral de Galicia (tanto a evolución pasada coma as perspectivas de evolución).

Nas correspondentes preguntas “situación pasada” refírese a fai un ano, e “perspectivas de evolución” refírese a un ano vista.

Interpretación dos indicadores

O rango de valores que poden tomar ambos indicadores (así como cada unha das once preguntas) varía entre (-100) e (+100) de modo que a interpretación dos valores será:

- Valor entre 0 e +100: percepción favorable, sendo máis optimista canto máis próximo estea o resultado a 100 e máis neutra canto máis cerca estea a cero.
- Valor igual a 0: percepción neutra.
- Valor entre 0 e -100: percepción desfavorable, que será máis pesimista canto máis se acerque a -100 o valor do indicador.

Imputación da falta de resposta

Para evitar o nesgo que introduce a falta de resposta optouse por aplicar un procedemento de imputación. Dado que se observou unha maior correlación entre as respostas dun mesmo fogar en trimestres consecutivos que entre as dadas por dous fogares distintos pertencentes ao mesmo estrato, procédese do seguinte xeito:

- Se o fogar no que se produce a falta de resposta contestou no anterior trimestre, impútaselle esa resposta.
- Se o fogar non contestou no anterior trimestre impútaselle aleatoriamente empregando o método hot-deck unha resposta doutro fogar pertencente ao mesmo estrato.

6. Cambios metodolóxicos

Ata decembro de 2008 a mostra constaba de 1.100 fogares mensuais, coa mesma afixación por provincias e estratos que xa se describiu no caso trimestral. Calculábanse e difundíanse os indicadores antes descritos de forma mensual.

A recollida de información realizábase ao longo de todo o mes.

Cada mes renovábase a mostra en 100 fogares de maneira que cada fogar colaboraba un ano (once enquisas, xa que en agosto non se chamaba aos fogares) e logo saía da mostra.

7. Difusión da información

A difusión da información correspóndese coa periodicidade da operación, de forma que na páxina web poden consultarse:

- Datos mensuais de cada unha das preguntas desde xuño de 2003 a decembro de 2008 así coma os respectivos índices.
- Datos trimestrais desde o primeiro trimestre de 2009.

Para facilitar a comparabilidade procedeuse a trimestralizar os datos correspondentes aos últimos anos. Debido á proporcionalidade que se buscou nas afixacións do deseño mostral e a construción como media aritmética dos indicadores, o dato trimestral coincide coa media aritmética que se obtería a partir dos datos de cada mes.

- Notas de prensa cada vez que se presenta un novo dato.